

## As preocupacións “non asegurables” de xerentes e empresarios

REDACCIÓN - O PUBLICADO O 20 DE SETEMBRO DE 2017 - (0)

Jorge Daniel Luzzi, presidente executivo de Herco Global invitado aos **Diálogos 2020 da Cátedra Fundación Inade-UDC**, asegurou que estatisticamente os directivos sinalan moita preocupación por riscos “como a perda de imaxe da empresa ou a perda de persoas claves”.

O pasado 18 de setembro renováronse estas sesións de debate na sede viguesa da Fundación Inade abordándose a importancia da xerencia de riscos na empresa con Luzzi, **un dos maiores expertos na materia**, que asegurou que “somos conscientes que o desenvolvemento tecnolóxico fixo cambiar os riscos que asumimos”.



O experto invitado diferenciou entre risco asegurable e o non asegurable, esgrimindo que “este último é moi difícil de apreciar”. **Por este motivo “é preciso facer fronte, nun primeiro lugar, ao risco asegurable para poder, unha vez que este cuberto, analizar e buscar solución ao risco non asegurable”, e especificou que “é preciso non esquecer que este tipo de riscos son os máis importantes para a empresa e os que merecen unha maior atención”.**

Tras identificar o risco hase de analizar, estudar como debe de ser tratado, como podemos reduci-lo e que alternativas existen. Unha vez feito debemos pensar se queremos asumilo. Se non se quere, debe ser transferido cun seguro. **Neste punto, a empresa ha de valorar canto diñeiro está disposta a pagar e canto risco pode soportar.** Nestes decisións é fundamental unha actuación uniforme. **“E só é posible se os accionistas e os directivos comprenden o seu papel, dado que eles non son un elemento secundario, son a parte máis afectada”.** “A persoa que se ocupe da xerencia de riscos é un técnico cuxa función é chegar a análise e a metodoloxía adecuada para que os verdadeiros donos do risco tomen as decisións”. **O director de Fundación Inade, Adolfo Campos**, quixo coñecer a opinión de Luzzi sobre os distintos modelos de xerencia de riscos. Para o experto non existe un modelo único, as empresas buscan unha fórmula que sexa eficaz e axústese ás súas necesidades. “O importante é que a fórmula elixida cumpra a súa función”.

Entre os asistentes (parte deles na foto de familia) estaban representantes do sector do seguro como Allianz, AON, AXA Seguros, BVC Artel, Fiatc, Plus Ultra, Técnica Aseguradora e Ucoag; acompañados por compañías como Gadisa, Grupo Calvo, Grupo Interavesa, Grupo Losen, Grupo San José, Pixeling Enxeñaría; empresas de consultoría como o grupo de peritaxe Dávalora ou Terravenza, e asociacións empresariais como Fegaxe.



COMENTAR NOTICIA

ENVIAR >